# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 32001683 | IES Martaguisela | O Barco de Valdeorras | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Bacharelato | Cultura audiovisual | 1º Bac. | 4 | 140 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

**Contido** **Páxina**


| | |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 4 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 5 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 6 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 26 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 27 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 28 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 28 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 29 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 30 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 30 |
| 7.2. Actividades complementarias | 30 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 31 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 31 |
| 9. Outros apartados | 31 |

## 1. Introdución

Esta materia pretende iniciar os/as estudantes na fabricación das súas propias imaxes e dos seus propios produtos audiovisuais, de natureza tanto estática (como a fotografía) como dinámica (como o vídeo). Para isto cómpre que o alumnado estea en situación de analizar, relacionar e comprender os elementos que forman parte da cultura audiovisual do noso tempo.
A cantidade de información que circula na actualidade, construída a partir de elementos técnicos audiovisuais (fotografía, cine, vídeo, televisión e mesmo radio) é dunha importancia e dunha magnitude dunhas dimensións que nunca se deron na historia da humanidade. A sociedade moderna ten como un dos seus sinais de identidade a presenza de imaxes dixitais en practicamente calquera actividade que desenvolva.
Desde as orixes da humanidade, no paleolítico, a evolución social dos pobos tivo a súa plasmación gráfica, en representacións icónicas ao longo do tempo, na que se reflicte o ámbito en que viven, utilizando para iso variadas ferramentas ao longo do tempo (nomeadamente o debuxo, a escultura e a pintura). A aparición da fotografía e o cine no século XIX trouxo un novo xeito de reflectir a realidade, baseado na impresión da imaxe nunha película. Unha das novidades do novo produto foi que a imaxe obtida gozou desde a súa orixe de percepción por parte da sociedade de imaxe verosímil e sen manipular, é dicir, de reflexo certo do real que alí se reflectía. Xunto a isto, a posibilidade de reprodución, practicamente ilimitada, destes elementos permitiu o acceso a esta información á maioría da sociedade, preferentemente occidental, abranguendo, probablemente por primeira vez na historia, todas as capas sociais. Desde entón, a sociedade viviu unha nova relación de comunicación entre os seus elementos, baseada dun modo crecente en medios audiovisuais. A historia do século XX non se pode concibir sen o uso da imaxe e o son como ferramentas de datación e avaliación dos feitos acontecidos; analizar calquera fito histórico e non recorrer a algún tipo de imaxe fotográfica ou cinematográfica asociada é unha tarefa difícil de concibir na mentalidade actual.
O século XXI presenta na súa cabeceira unha nova revolución social nas comunicacións: a era dixital e internet. Estes dous elementos están a supor un cambio tal nos comportamentos sociais que custa aventurar cara a onde camiñan as novas xeracións nacidas dentro deste sistema de información e intercambio de datos. Por primeira vez na historia practicamente todo o mundo, en todos os países, ten ferramentas de recepción e envío de información no instante, información que se constrúe coas ferramentas que esta materia trata de analizar para facilitar a aprendizaxe.
Unha circunstancia recente xurdida das novas plataformas dixitais é a posibilidade de publicar na rede produtos construídos con moi poucos medios técnicos e á marxe da industria dedicada á produción dixital. Estas producións individuais poden ser vistas e/ou escoitadas por millóns de persoas. Por vez primeira na historia, os/as creativos/as poden alcanzar o recoñecemento da súa obra sen pasar polo filtro da industria audiovisual. Este apoio inicial serve como indicativo de calidade para unha posterior integración de novos/as creadores/as dentro da industria audiovisual. Por outra banda, a facilidade de exposición do material ("subir á rede") non supón un aumento da calidade do creado; moi ao contrario, a realidade indícanos que a posibilidade ilimitada de xerar fotos, vídeos, blogs e páxinas web sen a axuda do criterio razoado da industria está a inundar o mercado audiovisual de produtos de calidade moi deficiente. Resulta pertinente, xa que logo, que os alumnos e as alumnas entendan a importancia do proceso creativo e a súa relación inescusable coa industria que se encarga de xestionalo.
Outra das novidades que presenta o mundo dixital actual, que o diferencia das súas orixes (sistemas analóxicos), é a posibilidade de xeración de imaxes artificiais ou alteradas dun modo dificilmente distinguible da imaxe obtida por pura impresión da realidade. Os modernos sistemas dixitais de edición permiten crear ou modificar a realidade da imaxe cunha calidade dificilmente distinguible da simple plasmación da realidade nun fotograma de celuloide.
Por tanto, faise necesario e pertinente facilitarlle ao alumnado ferramentas técnicas e educativas que lle axuden a xestionar a marea de datos, información, imaxes, sons e posibilidades creativas que diariamente recibe en case todos os ámbitos nos que se desenvolve a súa vida. A intensidade e a efectividade que conseguen as creacións plásticas realizadas en soporte dixital son, indubidablemente, dunha forza impresionante, posto que combinan sabia ou atinadamente imaxes, música e mensaxes sonoras.
Trátase, daquela, de que o alumnado comprenda e analice a cultura audiovisual da sociedade na que vive e os medios de produción utilizados para xerala; deste xeito, poderá ser quen de desenvolver un sentido crítico e persoal, para ordenar a información recibida e temperar a intensidade da potencia icónica que o mundo audiovisual xera.
A adquisición de competencias para a análise dos elementos expresivos e técnicos, e a dotación de conciencia crítica, debe servir para crear unha cidadanía máis responsable, crítica e participativa.
Esta materia ten un carácter propedéutico necesario e básico para o seu desenvolvemento en etapas posteriores, xa sexa en estudos universitarios de comunicación audiovisual e publicidade, belas artes, etc., ou xa nos de formación profesional de imaxe e son e nas ensinanzas artísticas.
Neste sentido, o ensino desta materia estrutúrase en dous camiños paralelos e complementarios. O primeiro deles é a análise dos produtos que se presentan por medios dixitais: aprender a ver, a escoitar, a discernir o que se di, como se di e por que se lle presenta ao/á espectador/a dun xeito determinado. O segundo é a creación por parte do

alumnado de produtos audiovisuais; aprender o proceso creativo dos produtos audiovisuais é, probablemente, unha das mellores ferramentas para o desenvolvemento persoal e humano, que lles podemos facilitar aos alumnos e ás alumnas para a comprensión dos contidos que reciben por medios dixitais.
Estas dúas vías son, por tanto, imprescindibles e complementarias na formación; cada unha axuda a outra para camiñar xuntas no obxectivo de formar o alumnado nunha materia tan apaixonante como é a creación audiovisual.
O alumnado necesitará saber ler os produtos audiovisuais para comprender a súa mensaxe e, de xeito complementario, empezar a xerar produtos dixitais, co fin de se comunicar e coñecer mellor a realidade da cultura audiovisual.
Cultura Audiovisual desenvólvese durante dous cursos académicos, co criterio organizador de afianzar no primeiro curso de bacharelato as habilidades e os coñecementos necesarios para o seu desenvolvemento, e a súa aplicación técnica no segundo curso. No primeiro curso o alumnado analizará a evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais, e as funcións e as características da imaxe fixa e en movemento, co fin de crear narracións audiovisuais sinxelas. No segundo curso analizará a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de audiovisuais e, así mesmo, comprenderá a organización da produción de audiovisuais e as características dos novos medios e das mensaxes publicitarias, co fin de valorar e realizar produtos audiovisuais sinxelos.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Analizar imaxes fotográficas fixas e producións audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, valorando as súas calidades plásticas, formais e semánticas e reflexionando sobre a historia de ambos os medios, para desenvolver o criterio estético, valorar o patrimonio, ampliar as posibilidades de gozar e enriquecer o imaxinario propio. | 1-2 | 1 | 2 | 1 | | | | 1-2 |
| OBX2 - Elaborar producións audiovisuais individuais ou colectivas empregando a propia presenza na imaxe e a banda de son e avaliando o rigor ético e formal dos procedementos, para expresar e comunicar ideas, opinións e sentimentos e construír unha personalidade creativa aberta, ampla e diversa. | | 1 | | 3 | 11-12 | 3 | 3 | 31-32 |
| OBX3 - Seleccionar e utilizar as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe e a produción audiovisual, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.) para realizar creacións audiovisuais de forma colectiva e aprender a desenvolverse en circunstancias diversas. | | 1 | 3 | 2-3 | 31 | | 2 | 41-42 |
| OBX4 - Determinar o público destinatario dunha produción audiovisual, analizando as súas características e atendendo ao propósito da obra para adoptar a linguaxe, o formato e os medios técnicos máis adecuados e seleccionar as vías de difusión máis oportunas. | | 1 | 3 | 2-3 | 50 | | 3 | 41-42 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Elementos básicos da imaxe. Composición e encadre. | -Xeneralidades.<br>-Concepto de imaxe.<br>-Os elementos básicos da imaxe; o punto, a liña, a forma.<br>-A composicións.<br>-O peso visual.<br>-Criterios de composición.<br>-Encadre e centro de interese. | 12 | 12 | X | | |
| 2 | Procedemento fotográfico | -As ópticas.<br>-O diafragma.<br>-A profundidade de campo.<br>-A velocidade de obturación.<br>-A sensibilidade da película. Valor ISO.<br>-A temperatura de cor na cámara. O balance de brancos.<br>-Dimensións e resolución da imaxe dixital.<br>-Os medios de almacenamento. Formatos de arquivos.<br>-Presentación da fotografía dixital.<br>-Edición e retoque fotográfico dixital. | 15 | 25 | X | | |
| 3 | A Iluminación | -Introdución.<br>-Propósitos da iluminación.<br>-Expresividade da luz.<br>-Características da iluminación.<br>-Temperatura de cor na iluminación. Filtros e xelatinas.<br>-Fontes de luz. | 12 | 15 | | X | |
| 4 | Guión de cine | -Recursos para guionistas.<br>-A idea. O Log Line.<br>-A estrutura.<br>-A sinopse.<br>-O tratamento.<br>-A escaleta. A escena. A secuencia.<br>-Os diálogos.<br>-O guión literario. | 12 | 15 | X | | |
| 5 | Preprodución. | -Introdución. Planificación técnica. Organización da produción.<br>-Unidades narrativas.<br>-Tempo cinematográfico.<br>-Valores de plano.<br>-Ángulos de cámara.<br>-Rodar unha conversa. O eixe de acción. O eixe de miradas. | 12 | 15 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 5 | Preprodución. | -Plano master. Plano e contraplano.<br>-Movementos de cámara.<br>-Tipo de realización.<br>-Planificación técnica. Plan de rodaxe. Orzamento.<br>- Plan definanciamento.<br>-Equipo técnico e artístico. | 12 | 15 | | X | |
| 6 | Rodaxe | -Introdución.<br>-O formato de gravación.<br>-O son.<br>-A maquinaria de rodaxe.<br>-O raccord. O script e o parte de cámara.<br>-O protocolo de rodaxe. A orde de rodaxe. | 12 | 15 | | X | |
| 7 | Posprodución | -¿Que é a montaxe?<br>-Tipos de montaxe.<br>-Os programas de edición.<br>-A edición.<br>-As transicións.<br>-Os créditos.<br>-A etalonaxe.<br>-A montaxe de son.<br>-A copia final. A distribución. | 13 | 25 | | | X |
| 8 | Análise de imaxes | -Nivel de iconicidade das imaxes.<br>-Funcións das imaxes.<br>-Análise denotativo e connotativo de imaxes fixas e producións audiovisuais.<br>-Teoría da comunicación.<br>-Interferencias na comunicación visual.<br>-Análise da obra fotográfica de recoñecidas/os fotógrafas/os. | 12 | 18 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | Elementos básicos da imaxe. Composición e encadre. | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio. | -Analiza e compara imaxes da historia da arte.<br>-Compara o tratamento formal da fotografía .<br>-Analiza os avances ao longo da historia da fotografía.<br>-Analiza a lectura de imaxes fixas. | PE | 40 |
| CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polas que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas. | Recoñece e le os diferentes tipos de imaxes, atendendo ás súas diversas funcionalidades. | | |
| CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio. | Recoñece e compara imaxes de diferentes épocas históricas atendendo á súa funcionalidade. | | |
| CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | Diferenza as tipoloxías de producións audiovisuais e coñece cales son os seus trazos identificativos. | | |
| CA2.1 - Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión. | Recoñece e le os diferentes tipos de imaxes, atendendo ás súas diversas funcionalidades. | TI | 60 |
| CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Crea produtos audiovisuais nos que emprega os diferentes elementos técnicos, expresivos e estéticos. | | |
| CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Recoñece e crea imaxes nas que interveñen diferentes planos. | | |
| CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Diferenza as tipoloxías de producións audiovisuais e coñece cales son os seus trazos identificativos. | | |
| CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Confecciona un audiovisual sinxelo con capacidade de expresar unha idea | | |
| CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Distingue de xeito básico os diferentes tipos de público e elixe a linguaxe visual adecuada . | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo. | Valora a evolución dos medios de reprodución ao longo da historia, e produce imaxes multimedia. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - O guión literario. Fases de elaboración. Escena e secuencia dramática. A escada. |
| - Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios. |
| - Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual. |
| - Principais correntes en fotografía e cinema. |
| - A diversidade nas manifestacións fotográficas e audiovisuais contemporáneas e do pasado. Medios de comunicación convencionais e Internet. |
| - Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, fashion filme, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais etc. Aspectos formais máis destacados. |
| - O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e Internet. |
| - Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo. |
| - Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo. |
| - Conceptos básicos sobre iluminación. |
| - Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento. |
| - Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía. |
| - Retoque dixital. |
| - Funcións da imaxe audiovisual. |
| - O guión técnico e o storyboard. |
| - A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento. |
| - A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas. |
| - A montaxe e a posprodución. Evolución e gramática. |
| - As linguaxes da televisión e a publicidade. |
| - Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Procedemento fotográfico | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio. | Analizar as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía. | PE | 65 |
| CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polas que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas. | Diferencia as formalidades das producións artísticas modernas e antigas. | | |
| CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio. | Distingue e recoñece a obra de autores presentados na aula. | | |
| CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | Coñece e diferencia os diferentes medios técnicos do mundo audiovisual, empregándoos para a creación de pezas. | | |
| CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Coñece os diferentes valores de plano, ángulos e movementos de cámara e aplícaos con corrección na creación dunha curtametraxe. | | |
| CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Crea imaxes correctamente iluminadas en función da intencionalidade. | | |
| CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplicalos na valoración de diversos produtos (película cinematográfica, programa de televisión, etc.). | | |
| CA4.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais | | |
| CA4.2 - Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio. | Adecua o guión técnico para | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.6 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Crea imaxes correctamente iluminadas en función da intencionalidade que busca ter. | | |
| CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo. | Identifica os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais | | |
| CA2.1 - Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión. | Sabe modificar os parámetros formais de imaxe dixital. | TI | 35 |
| CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Analizar a estrutura narrativa de obras significativas | | |
| CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos. | Adecua o guión técnico para optimizar a produción audiovisual | | |
| CA4.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Resolve imprevistos sinxelos na produción do audiovisual | | |
| CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente. | Crea imaxes correctamente compostas en función da intencionalidade. | | |
| CA4.7 - Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor. | Respecta a propiedade intelectual e os dereitos de autor | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios.<br>- Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual.<br>- Principais correntes en fotografía e cinema. |

| Contidos |
|---|
| - A diversidade nas manifestacións fotográficas e audiovisuais contemporáneas e do pasado. Medios de comunicación convencionais e Internet.<br>- Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, fashion filme, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais etc. Aspectos formais máis destacados.<br>- O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e Internet.<br>- Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo.<br>- Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo.<br>- Conceptos básicos sobre iluminación.<br>- Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.<br>- Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía.<br>- Retoque dixital.<br>- Funcións da imaxe audiovisual.<br>- As linguaxes da televisión e a publicidade.<br>- Equipos humanos de traballo na produción audiovisual: dirección, produción, cámara/fotografa, son, arte, postprodución.<br>- A distribución de tarefas na produción audiovisual: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.<br>- Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución.<br>- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais.<br>- Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación.<br>- Gravación do son, sincrónico e recreado.<br>- Principais softwares de edición non lineal.<br>- Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.<br>- Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | A Iluminación | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión. | Analizar a estrutura narrativa de obras significativas | PE | 45 |
| CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | Valorar os contidos multimedia e dos novos medios na representación da realidade | | |
| CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | -Identificar e analizar os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplicalos na valoración de diversos produtos | | |
| CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Sabe modificar os parámetros formais de imaxe dixital. | | |
| CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Coñecer e diferenciar os diferentes medios técnicos do mundo audiovisual, empregándoos para a creación de pezas. | | |
| CA4.6 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Coñecer e diferenciar os diferentes medios técnicos do mundo audiovisual, empregándoos para a creación de pezas. | | |
| CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo. | Coñecer e diferenciar os diferentes medios técnicos do mundo audiovisual, empregándoos para a creación de pezas. | | |
| CA4.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas. | TI | 55 |
| CA4.2 - Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio. | Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos. | Traballa correctamente a elaboración do guión técnico | | |
| CA4.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | É capaz de resolver imprevistos sinxelos con autonomia | | |
| CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente. | Analizar a estrutura narrativa de obras significativas | | |
| CA4.7 - Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor. | Selecciona vías de difusión para produccións respectando a propiedade intelectual | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo.<br>- Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo.<br>- Conceptos básicos sobre iluminación.<br>- Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.<br>- Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía.<br>- Retoque dixital.<br>- Funcións da imaxe audiovisual.<br>- Equipos humanos de traballo na produción audiovisual: dirección, produción, cámara/fotografa, son, arte, postprodución.<br>- A distribución de tarefas na produción audiovisual: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.<br>- Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución.<br>- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais.<br>- Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación.<br>- Gravación do son, sincrónico e recreado. |

| Contidos |
|---|
| - Principais softwares de edición non lineal.<br>- Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría.<br>- Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | Guión de cine | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio. | Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados na historia do fotografia e do audiovisual | PE | 95 |
| CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polas que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas. | Explicar as claves e partes que compoñen un guión técnico | | |
| CA2.1 - Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión. | Explicar as partes un guión literario | | |
| CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | Realizar modificacións en pezas videográficas , e analizar criticamente o resultado obtido | | |
| CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Crear produtos audiovisuais nos que emprega os diferentes elementos técnicos, expresivos e estéticos | | |
| CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Modifica os parámetros<br>de cor dunha imaxe dixital creada na aula. | | |
| CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Recoñece a importancia social da obra des autores presentados na aula | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Diferenzar as tipoloxías de producións audiovisuais e coñece cales son os seus trazos identificativos. | | |
| CA4.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Crea produtos audiovisuais nos que emprega os diferentes elementos técnicos, expresivos e estéticos. | | |
| CA4.2 - Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio. | Confeccionar a programación dun audiovisual na que constan os diferentes elementos técnicos | | |
| CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos. | Diferencia as formalidades das producións artísticas modernas e antigas. | | |
| CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente. | Valora os usos da imaxe nos medios de comunicación e nos novos medios | | |
| CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio. | Identifica e analiza os elementos expresivos e estéticos utilizados. | TI | 5 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios. |
| - Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual. |
| - Principais correntes en fotografía e cinema. |
| - A diversidade nas manifestacións fotográficas e audiovisuais contemporáneas e do pasado. Medios de comunicación convencionais e Internet. |
| - Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, fashion filme, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais etc. Aspectos formais máis destacados. |
| - O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e Internet. |
| - Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo. |
| - Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo. |

| Contidos |
| --- |
| - Conceptos básicos sobre iluminación.<br>- Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.<br>- Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía.<br>- Retoque dixital.<br>- Funcións da imaxe audiovisual.<br>- O guión literario. Fases de elaboración. Escena e secuencia dramática. A escada.<br>- O guión técnico e o storyboard.<br>- A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento.<br>- A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas.<br>- Equipos humanos de traballo na produción audiovisual: dirección, produción, cámara/fotografa, son, arte, postprodución.<br>- A distribución de tarefas na produción audiovisual: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.<br>- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais.<br>- Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación.<br>- Gravación do son, sincrónico e recreado. |

| UD | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 5 | Preprodución. | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
| --- | --- | --- | --- |
| CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Xustificar coherentemente os medios e linguaxes audiovisuais elixidos para a realización dun proxecto. | PE | 26 |
| CA4.2 - Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio. | Planificar correctamente un guión técnico | | |
| CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos. | Planificar coherentemente os medios e linguaxes audiovisuais elixidos para a realización dun proxecto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión. | Utilizar correctamente a sintase visual para expresar ideas personais. | TI | 74 |
| CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | Coñecer e respectar os dereitos de autor básicos, tanto en obras propias como alleas. | | |
| CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Construír unha narrativa b Audiovisual básica con rigor ético e formal. | | |
| CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Resolver posibles imprevistos inherentes ás realización dun traballo audiovisual para conquerir o resultado final desexado | | |
| CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Elixir a banda de son adecuada respectando, entre outros os dereitos de autor, coa utilización de aquelas de licenza libre | | |
| CA4.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Elixir a banda de son adecuada respectando, entre outros os dereitos de autor, coa utilización de aquelas de licenza libre | | |
| CA4.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Programa solucións alternativas ante posibles desvíos do guión técnico | | |
| CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente. | Realizar na práctica unha narrativa Audiovisual básica de xeito activo. | | |
| CA4.7 - Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor. | Planificar e elixe os diferentes medios de difusión do seu traballo tendo en conta as características propias de cada medio de difusión. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo.<br>- Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo.<br>- Conceptos básicos sobre iluminación.<br>- Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.<br>- Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía.<br>- Retoque dixital.<br>- Funcións da imaxe audiovisual.<br>- O guión literario. Fases de elaboración. Escena e secuencia dramática. A escada.<br>- O guión técnico e o storyboard.<br>- A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento.<br>- A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas.<br>- Equipos humanos de traballo na produción audiovisual: dirección, produción, cámara/fotografa, son, arte, postprodución.<br>- A distribución de tarefas na produción audiovisual: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.<br>- Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución.<br>- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais.<br>- Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación.<br>- Gravación do son, sincrónico e recreado. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | Rodaxe | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión. | Expresa sentimentos e ideas críticae e respectuosas | TI | 100 |
| CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | Entende o funcionamento da linguaxe visual básica identificando as súas funcións | | |

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Transmite as súas ideas de xeito adecuado ó medio audiovisual | | |
| CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Planifica estratexias no guión técnico para anticipar posibles problemas imprevistos | | |
| CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Xustifica a adecuación da linguaxe audiovisual empregada en función do público a que estea destinada | | |
| CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Entende o proceso de producción no medio audiovisual | | |
| CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Adecua a linguaxe audiovisual empregada | | |
| CA4.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Desenvolve actitudes selectivas e analiza de forma crítica as producións audiovisuais cinematográficas, televisivas e multimedia | | |
| CA4.2 - Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición. | | |
| CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos. | Identifica as diferenzas do proceso de produción do cine a da televisión así coma as funcións dos equipos humanos que interveñen nel. | | |
| CA4.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Entende o funcionamento da linguaxe visual básica identificando as súas funcións | | |
| CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.6 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Analiza a relación entre imaxe e son e valora a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de realización audiovisual | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo.<br>- Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo.<br>- Conceptos básicos sobre iluminación.<br>- Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.<br>- Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía.<br>- Retoque dixital.<br>- Funcións da imaxe audiovisual.<br>- O guión literario. Fases de elaboración. Escena e secuencia dramática. A escada.<br>- O guión técnico e o storyboard.<br>- A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento.<br>- A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas.<br>- A montaxe e a posprodución. Evolución e gramática.<br>- As linguaxes da televisión e a publicidade.<br>- Equipos humanos de traballo na produción audiovisual: dirección, produción, cámara/fotografa, son, arte, postprodución.<br>- A distribución de tarefas na produción audiovisual: criterios de selección a partir das habilidades requiridas.<br>- Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución.<br>- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais.<br>- Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación.<br>- Gravación do son, sincrónico e recreado. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | Posprodución | 25 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio. | Analiza os elemento básicos da estructura denotativa dunha imaxe | PE | 31 |
| CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polas que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas. | Analiza os elemento básicos da estructura connotativa dunha imaxe | | |
| CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio. | Desenvolve actitudes selectivas e analiza de forma crítica as producións do patrimonio audiovisual | | |
| CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | Analiza de forma crítica  producións audiovisuais | | |
| CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Analiza as funcións comunicativas da publicidade e as súas consecuencias sociais e culturais coma produto que fomenta o consumo. | | |
| CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Analiza as funcións comunicativas da publicidade e as súas consecuencias sociais e culturais coma produto que fomenta o consumo. | | |
| CA2.1 - Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción. | TI | 69 |
| CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción. | | |
| CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Identifica as diferenzas do proceso de produción do cine a da televisión así coma as funcións dos equipos humanos que interveñen nel. | | |
| CA3.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA4.1 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción. | | |
| CA4.2 - Confeccionar adecuadamente os equipos de traballo para producións audiovisuais colectivas, identificando as diferentes habilidades requiridas e repartindo as tarefas con criterio. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción | | |
| CA4.3 - Planificar producións audiovisuais determinando os medios e as habilidades necesarios, tendo en conta todos os seus aspectos (guión, planificación, interpretación, gravación, edición etc.), xustificando razoadamente a súa elección e considerando os posibles imprevistos e a maneira de resolvelos. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción | | |
| CA4.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción | | |
| CA4.5 - Realizar producións audiovisuais de maneira creativa utilizando correctamente as técnicas, ferramentas e convencións da linguaxe necesarias, valorando o traballo colaborativo e tentando conseguir un resultado final axustado ao proxecto preparado previamente. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción. | | |
| CA4.6 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción. | | |
| CA4.7 - Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor. | Aplica todos os coñecementos teóricos e prácticos na produción, realización e edición dunha curtametraxe de ficción. | | |
| CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo. | Recoñece e manexa o proceso de edición, posprodución audiovisual | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios.<br>- Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual. |

| Contidos |
|---|
| - Principais correntes en fotografía e cinema.<br>- A diversidade nas manifestacións fotográficas e audiovisuais contemporáneas e do pasado. Medios de comunicación convencionais e Internet.<br>- Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, fashion filme, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais etc. Aspectos formais máis destacados.<br>- O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e Internet.<br>- Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo.<br>- Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo.<br>- Conceptos básicos sobre iluminación.<br>- Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.<br>- Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía.<br>- Retoque dixital.<br>- Funcións da imaxe audiovisual.<br>- A posta en escena: localizacións, decorados (volumétricos e virtuais), caracterización, interpretación, iluminación, movemento.<br>- A banda de son: perspectiva sonora e posibilidades expresivas.<br>- A montaxe e a posprodución. Evolución e gramática.<br>- As linguaxes da televisión e a publicidade.<br>- Fases de traballo: preprodución, rodaxe e postprodución.<br>- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais.<br>- Medios técnicos de realización: cámara e accesorios, microfonía, equipo de iluminación.<br>- Gravación do son, sincrónico e recreado.<br>- Principais softwares de edición non lineal.<br>- Difusión de contidos audiovisuais: redes sociais, salas comerciais, espazos de exhibición alternativos, festivais cinematográficos en liña e presenciais etc. Protección de datos, propiedade intelectual e dereitos de autoría. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | Análise de imaxes | 18 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| **Criterios de avaliación** | **Mínimos de consecución** | **IA** | **%** |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Explicar os aspectos esenciais da evolución da linguaxe fotográfica e audiovisual valorando os cambios que se produciron ao longo da historia do medio. | Coñece autores e autoras da historia da fotografía | PE | 65 |
| CA1.2 - Analizar as calidades plásticas, formais e semánticas de producións fotográficas e audiovisuais de distintos estilos, formatos, xéneros e culturas, determinando as regras e os códigos polas que se rexen e valorando a flexibilidade desas normas. | Analiza os elemento básicos da estructura connotativa dunha imaxe | | |
| CA1.3 - Propoñer interpretacións persoais do patrimonio fotográfico e audiovisual argumentando desde un criterio estético propio. | Interpreta unha producción do patrimonio fotográfico dándolle un novo criterio estético | | |
| CA2.2 - Avaliar o rigor ético e formal co que se usan as ferramentas de creación audiovisual analizando diversas producións, distinguindo criticamente os modos de presentar as informacións e as mensaxes, identificando a súa posible manipulación e reflexionando sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | reflexiona críticamente sobre a necesidade de respecto da propiedade intelectual e dos dereitos de autor. | | |
| CA3.2 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Recoñece e manexa o proceso de edición e posprodución | | |
| CA4.6 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Recoñece e manexa o proceso de edición e posprodución | | |
| CA4.7 - Seleccionar as vías de difusión máis adecuadas para producións audiovisuais, tendo en conta o seu propósito, valorando de maneira crítica e informada as posibilidades existentes, utilizando contornas seguras e respectando a propiedade intelectual e os dereitos de autor. | Identifica as diferenzas do proceso de produción | | |
| CA4.8 - Analizar de maneira aberta e respectuosa a recepción das producións audiovisuais presentadas, comprobando a adecuación da linguaxe, o formato e os medios técnicos da obra, así como das vías de difusión, e extraendo diso unha aprendizaxe para o crecemento creativo. | Recoñece e manexa o proceso de edición e posprodución | | |
| CA2.1 - Deseñar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, incorporando as experiencias persoais e o achegamento a outros medios de expresión. | Identifica as diferenzas do proceso de produción . | TI | 35 |
| CA2.3 - Realizar producións audiovisuais creativas que representen as ideas, opinións e sentimentos propios a partir dun tema ou motivo previos, utilizando a propia presenza na imaxe e a banda de son e empregando a linguaxe e os medios de produción con rigor ético e formal. | Identifica as diferenzas do proceso de produción | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.4 - Demostrar flexibilidade e habilidade para resolver os imprevistos propios das producións audiovisuais, téndoos en conta na súa planificación e considerando de maneira aberta as diferentes posibilidades para resolver un problema sobrevindo. | Identifica as diferenzas do proceso de produción | | |
| CA2.5 - Xustificar a elección da linguaxe, o formato e os medios técnicos en producións audiovisuais, considerando previamente o tipo de público ao que se queren dirixir. | Recoñece e manexa o proceso de edición e posprodución | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Orixes da fotografía e do cinema: primeiros pasos nos avances tecnolóxicos e no establecemento das formas lingüísticas en ambos os medios.<br>- Creación e evolución da fotografía e da linguaxe audiovisual.<br>- Principais correntes en fotografía e cinema.<br>- A diversidade nas manifestacións fotográficas e audiovisuais contemporáneas e do pasado. Medios de comunicación convencionais e Internet.<br>- Principais formatos audiovisuais (curta, media e longametraxe de ficción, curta, media e longametraxe documental, serie, ensaio fílmico, formatos televisivos, videoclip, fashion filme, anuncio, vídeo educativo, vídeo corporativo/institucional, formatos asociados ás redes sociais etc. Aspectos formais máis destacados.<br>- O audiovisual na sociedade contemporánea: medios de comunicación convencionais e Internet.<br>- Plano, toma, ángulo visual e movementos físicos e ópticos de cámara. Tipoloxías e o seu valor expresivo.<br>- Exposición, enfoque, encadramento, profundidade de campo, campo e fóra de campo.<br>- Conceptos básicos sobre iluminación.<br>- Composición para imaxe fixa e para imaxe en movemento.<br>- Simboloxía e psicoloxía da cor. Uso nas grandes obras de arte da fotografía e do cinema. Exemplos de aplicación en grandes obras do cinema e da fotografía.<br>- Retoque dixital.<br>- Funcións da imaxe audiovisual.<br>- As linguaxes da televisión e a publicidade.<br>- Estratexias de selección de técnicas, ferramentas e convencións audiovisuais.<br>- Técnicas e estratexias de avaliación das producións audiovisuais. |

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Aspectos xerais
- Partir da competencia inicial do alumnado: realización dunha enquisa de diagnóstico de coñecementos previos.
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe, con actividades de reforzo e de ampliación.
- Potenciar as metodoloxías activas e participativas:
o Combinar traballo individual e cooperativo: exercicios de realización individuais, participación na aula e traballos en grupo.
o Aprendizaxe por proxectos: por exemplo, realización dunha curtametraxe en grupo.
- Enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas: realización de exercicios e corrección dos mesmos na aula.
- Uso habitual das TIC: materia impartida coa axuda dun proxector e traballos do alumnado en formato dixital: Word, Powerpoint, Photoshop, DaVinci Resolve 16...
- Papel facilitador da profesora: respondendo na aula, por correo electrónico ás dúbidas do alumnado.
- Emprego da Aula Virtual como canle de comunicación co alumnado.
- Dada a situación sanitaria actual contemplamos tres vías de docencia: presencial, semipresencial e virtual.
Vía presencial: a materia explicarase na aula, apoiados polos medios informáticos dotados pola Consellería. Proporanse traballos individuais e en grupo (sempre que estes poidan ser executados cumprindo os protocolos educativo-sanitarios). As probas de avaliación serán presenciais. A aula virtual será unha plataforma esencial de traballo.
Vía semipresencial: Se os medios o permiten alternarase a vía telemática e a presencial observando o horario concreto da materia e seguirase a empregar a Aula virtual como plataforma prioritaria de contacto alumnado-profesora. As consultas que non poidan ser satisfeitas presencialmente o serán virtualmente. A entrega de traballos e realización de probas de avaliación alternaranse entre presenciais e telemáticas.
Vía virtual: As clases realizaranse vía telemática observando o horario concreto da materia. A entrega de traballos e realización de probas de avaliación se adecuaran a este sistema, utilizando tanto o correo electrónico coma aplicacións de intercambio de arquivos e a aula virtual. A aula virtual será unha plataforma esencial de traballo.

Estratexias metodolóxicas
- Memorización comprensiva: explicación da materia con axuda de material audiovisual, facendo cuestións na aula segundo se van explicando diferentes conceptos, poñendo exemplos.
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, películas, etc.
- Análise de documentos audiovisuais: publicidade, cine, TV.
- Comentarios de textos e imaxes.
- Realización de propostas fotográficas e audiovisuais acabadas: proxectos fotográficos, vídeo-poemas, curtametraxes...

Exemplo de secuenciación de traballo na aula: realización dunha curtametraxe
Motivación:

- Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos: que é unha curta?
- Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo: sabes que duración debe ter? E unha longa? Que diferencias hai entre elas?
- Presentación da actividade con textos, fotos, vídeos, etc.: visionado de exemplos.

Información da profesora:

- Información básica para todo o alumnado: desenvolvemento do tema con axuda do proxector.
- Información complementaria para reforzo e apoio: realización de esquemas do tema.

- Información complementaria para afondamento e ampliación: búsqueda de recursos na web.
- Envío dos temas ao alumnado por correo electrónico e aloxados na aula virtual.

Traballo persoal:

- Lectura e comprensión de imaxes: análise dos elementos formais dunha curta.
- Análise de documentos visuais, pequenas investigacións, etc.
- Resposta a preguntas: cuestionario sobre as diferentes fases de creación dunha curta.
- Resolución de problemas: execución das diferentes fases e realización final dunha curta, en grupos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| A. A aula e mobiliario.   - Mesas e mobiliario de almacenaxe.   - Un cañón de proxección.  C. Recursos impresos. Non se propón libro de texto (neste primeiro curso) posto que son os profesores que configuran o material en base ao currí-culo. A pesar diso toman como referencia varios publicados. A biblioteca do centro  e o departamento dispón dunha dotación suficiente de libros relacionados coa práctica da imaxe que poden servir para ampliar ou consultar por parte dos alumnos/as Os apuntamentos distribuiranse a través da Aula Virtual. |
| C. Recursos impresos. Non se propón libro de texto (neste primeiro curso) posto que son os profesores que configuran o material en base ao currí-culo. A pesar diso toman como referencia varios publicados. A biblioteca do centro  e o departamento dispón dunha dotación suficiente de libros relacionados coa práctica da imaxe que poden servir para ampliar ou consultar por parte dos alumnos/as Os apuntamentos distribuiranse a través da Aula Virtual. |
| B. Recursos audiovisuais e informáticos.   - Acceso a Internet e proxector.   - Computador e altofalantes   - Móbiles e dispositivos   - Programas informáticos de retoque fotográfico e montaxe audiovisual |

Esta materia pretende iniciar aos estudantes na fabricación das súas propias imaxes e produtos audiovisuais, xa sexan de natureza estática como a fotografía ou dinámicas como o vídeo. Para isto é necesario que o alumnado estea en situación de analizar, relacionar e comprender os elementos que forman parte da cultura audiovisual do noso tempo.
A Cultura Audiovisual ten un carácter propedéutico necesario e básico para o seu desenvolvemento en etapas posteriores, xa sexa en estudos universitarios de comunicación audiovisual, publicidade ou belas artes, ou para estudos de formación profe-sional de imaxe e son e outros ensinos artísticos.
Neste sentido, o ensino desta materia estrutúrase en dous camiños paralelos e complementarios:
¿ O primeiro deles é a análise das mensaxes audiovisuais: aprender a ver, a escoitar, a discernir o que se di, como se di e por que se presenta as mensaxes dunha maneira determinada.
¿ O segundo deles é a creación por parte do alumnado de produtos audiovisuais sinxelos.
Estas dúas vías son imprescindibles e complementarias, deben camiñar xuntas no obxectivo de formar ao alumnado en ma-teria tan apaixonante como é a creación audiovisual. Necesitarán saber ler e interpretar os produtos audiovisuais para com-prender a súa mensaxe e, de forma complementaria, empezar a xerar mensaxes audiovisuais co fin de comunicarse.
O emprego das novas tecnoloxías dentro da metodoloxía vai servir para explorar e profundar no espazo expositivo que nos permite internet e do mesmo xeito nas fontes informativas e aplicacións artísticas que alberga. É recomendable acudir a es-tas en apoio do proceso de ensino-aprendizaxe. Faise necesario dispor, na aula, de computadores, dispositivos electrónicos e outros equipamentos técnicos na aula que permitan o desenvolvemento dos contidos fundamentais.

O método de proxectos é adecuado para o desenvolvemento da materia. Este método implica que debe fomentarse o traballo en equipo de forma colaborativa e solidaria. Distribuirase o traballo a través de proxectos que inclúan procesos de investiga-ción, creativos, que utilicen múltiples fontes documentais e que supoñan que os alumnos e as alumnas asumen responsabili-dades tanto individuais como colectivas, ao obxecto de que vaian adquirindo paulatinamente madurez persoal, respecto polo traballo doutros, así como o desenvolvemento da capacidade de aprender por si mesmos. A organización dos espazos e do uso dos recursos para as actividades previstas require a asunción de tarefas de responsabilidade compartida dentro do gru-po, e corresponde ao profesorado coordinar as distintas funcións, dinamizar os grupos, buscar solucións que dean solución aos problemas cando xurdan e, moi especialmente, determinar os temas que pretendan desenvolver os proxectos, entre os que deberían incluírse proxectos que analicen o tratamento que se deu e dáse ás mulleres nos medios audiovisuais, e o abu-so de estereotipos na publicidade.

2. Orientacións Didácticas. Materiais Curriculares e Recursos Didácticos.
A. A aula e mobiliario.
- Mesas e mobiliario de almacenaxe.
- Un cañón de proxección.
B. Recursos audiovisuais e informáticos.
- Acceso a Internet e proxector.
- Computador e altofalantes
- Móbiles e dispositivos
- Programas informáticos de retoque fotográfico e montaxe audiovisual
C. Recursos impresos.
Non se propón libro de texto (neste primeiro curso) posto que son os profesores que configuran o material en base ao currí-culo. A pesar diso toman como referencia varios publicados.
A biblioteca do centro e o departamento dispón dunha dotación suficiente de libros relacionados coa práctica da imaxe que poden servir para ampliar ou consultar por parte dos alumnos/as
Os apuntamentos distribuiranse a través da Aula Virtual.
3. Orientacións Organizativas.
A materia impártese en bloques dunha e dúas sesións respectivamente. Estas dúas sesións en bloque aproveitaranse para o visionado de fragmentos ou a totalidade de películas e audiovisuais. Ao dispor dunha limitación considerable de medios para a práctica dos contidos achegados, se intercala a parte teórica con exercicios máis prácticos dentro das posibilidades que te-mos e así o alumnado pode asimilar o ensinado. Para o traballo fotográfico contarase cos dispositivos dos alumnos/as e dis-poñible no centro de maneira puntual.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial: proporcionando datos achega do punto de partida de cada alumno, proporcionando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferenzas e unha metodoloxía adecuada. Indicada na páxina 68.
Os procedementos e instrumentos de avaliación basearanse na realización dunha proba obxectiva onde se mostre o grao de madurez académica co que se achega o alumnado. Será unha proba obsectiva e de diagnose sen cómputo na avaliación numérica do curso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **12** | **15** | **12** | **12** | **12** | **12** | **13** | **12** | **100** |
| **Proba escrita** | 40 | 65 | 45 | 95 | 26 | 0 | 31 | 65 | **46** |
| **Táboa de indicadores** | 60 | 35 | 55 | 5 | 74 | 100 | 69 | 35 | **54** |

**Criterios de cualificación:**

AVALIACIÓN
A nota media de cada avaliación virá determinada pola seguinte media ponderada:
60% Exame de avaliación,
30% Controis parciais (probas escritas con contidos impartidos ata o momento da súa realización e faranse en número que o profesor estime necesario) ou a realización de proxectos, se os oubese.
10% tarefas e participación activa na clase.
¿ Prestarase especial atención á presentación, adecuación e corrección na expresión escrita, de maneira que se penalizarán os erros cometidos, a razón de 0,10 por acento e 0,25 por mala utilización de grafías ata un máximo de 1

punto.
Instrumentos de avaliación:
¿ Proba escrita sobre o tema o temas tratados.
Realización e presentación en data e forma dos proxectos de aula.
¿ Controis parciais
¿ Corrección e cualificación das tarefas en fecha: comentario de obras, exposicións...
¿ Observación do profesor, anotacións persoais.
¿ Todos os instrumentos de avaliación puntúan de 0 a 10 puntos.
Non se recollen tarefas enviadas o entregadas fora de fecha, sen a xustificación correcta. Os traballos non entregados na data fixada polo profesor serán puntuados cun ¿0¿.
A nota mínima dun exame para poder facer media é de 3.
No caso de que o alumno/a non chegue a aprobar facendo a media ponderada de todo o seu traballo ao final da avaliación, poderá recuperar facendo un exame de recuperación de todos os temas desa avaliación na data a fixar polo profesor.
Esta última situación non é aplicable á 3ª avaliación. No caso de suspender esta, o alumno deberá presentarse á avaliación final (indícanse os parámetros a continuación).
A cualificación final do curso será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións sempre que todas estean aprobadas cunha nota igual ou superior a cinco.
Avaliación final
O alumnado que teña suspensa algunha das tres avaliacións da materia, deberá presentarse a un exame final, do mesmo tipo que os realizados durante o curso, no que será avaliado de dos contidos correspondentes a avaliación/s pendente/S.
Avaliación extraordinaria:
O alumnado que teña que ser avaliado na convocatoria extraordinaria realizará un exame escrito que abranguerá todos os contidos dados no curso.

**Criterios de recuperación:**

No caso de que o alumno/a non chegue a aprobar facendo a media ponderada de todo o seu traballo ao final da avaliación, poderá recuperar facendo un exame de recuperación de todos os temas desa avaliación na data a fixar polo profesor.
Esta última situación non é aplicable á 3ª avaliación. No caso de suspender esta, o alumno deberá presentarse á avaliación final (indícanse os parámetros a continuación).
A cualificación final do curso será a media aritmética das cualificacións obtidas nas tres avaliacións sempre que todas estean aprobadas cunha nota igual ou superior a cinco.
O alumnado que teña suspensa algunha das tres avaliacións da materia, deberá presentarse a un exame final, do mesmo tipo que os realizados durante o curso, no que será avaliado de dos contidos correspondentes a avaliación/s pendente/S.
Avaliación extraordinaria:
O alumnado que teña que ser avaliado na convocatoria extraordinaria realizará un exame escrito que abranguerá todos os contidos dados no curso.

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña a materia pendente poderá obtar por facer un exame trimestral cos contidos e estándares de aprendizaxe correspondentes a cada avaliación. Obtendo a nota final coa media aritmética dos tres exames e aprobando con nota media igual ou superior ó 5.
O alumnado que non se presente ós exames trimestrais ou suspenda as distintas avaliacións terá dereito a realizar un exame final, con características similares ao establecido na avaliación continua no que serán avaliados os estándares correspondentes a todo o curso, na data fixada pola Xefatura de Estudos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Organizativas
Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.
a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.
b) Espazos diferenciados.
c) Materiais e recursos didácticos diferenciados
Curriculares
Adaptacións metodolóxicas para alumnado ou grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.
Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ET.1 - A REALIDADE LGBTI NA PROGRAMACIÓN E A IGUALDADE DE XÉNERO | X | X | X | X | X | X | X | X |

**Observacións:**

Tal e como está indicado no Artigo 22 da LEI 2/2014 do 14 de abril, pola IGUALDADE DE TRATO EA NON DISCRIMINACIÓN DE LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E
INTERSEXUAIS EN GALICIA, a materia de Cultura Audiovisual I incorporará a realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual nos contidos transversais e curriculares. Do mesmo xeito, visibilizaranse os diferentes modelos de familia establecidos nesa lei.

Así mesmo, tal e como está indicado nos Artigos 23 e 26 da mesma lei, faranse actividades na aula dirixidas á prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero e favorecerase a visibilidade do alumnado LGBTI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarase sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Visita a Exposición de Pintura " Dende a Emoción" do artista Enrique Fernández Prada | Visita a exposición de Pintura na Asociación Casino do Barco de Valdeorras. | | | |

**Observacións:**

Nesta Visita o alumnado poderá intercambiar impresións co autor da exposición, tanto de técnicas pictóricas como do seu proceso creativo.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente: valorados en items do 1 ó 4 |

**Descrición:**

1 2 3 4
Deseño actividades de aprendizaxe para o logro dos obxectivos
Motivo aos alumnos explicándolles a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos
Relaciono os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade e creando expectativas
Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma
Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe
Cando comezamos un bloque novo os alumnos coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación será revisada durante todo o curso e en cada reunión do departamento faránse propostas de mellora co fin de realizar as modificacións necesarias. A revisión, a avaliación e a modificación da programación serán recollidas na memoria de fin de curso do departamento.

## 9. Outros apartados